



DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

D. José Benito Andrade González, co DNI 35256847D e domicilio a efectos de notificación na Rúa Eduardo Pondal, 39, 1ºH, CP.: 36003 de Pontevedra, como membro da Asociación pola defensa da Ría (APDR) e en representación de dita asociación; en período de exposición pública da "Solicitud de Autorización Ambiental Integrada da empresa ELNOSA" para as súas instalacións nos terreos de dominio público marítimo terrestre nas marismas de Lourizán, desexa facer as seguintes ALEGACIÓNS:

A planta da empresa ELNOSA en Lourizán dedícase á fabricación de Cloro, sosa, ácido clorhídrico e hipoclorito, catro sustancias con elevada toxicidade para as persoas e o medio que se almacenan en grande cantidade. Dada a antigüedade das instalacións o risco dun accidente con liberación de grandes cantidades de produtos tóxicos debe considerarse elevado, a poboación exposta, ao atoparse a factoría nunha zona densa poboada permite asegurar que en caso dun accidente grave se produciría un número elevado de vítimas. No proceso industrial, na electrólise con cátodo de mercurio, utilízanse grandes cantidades de mercurio (a empresa oculta a cantidade pero indica que en cada celda electrolítica se introducen 2500 kg) que pasan, en pequena cantidade aos produtos elaborados e en maior cantidade, e na súa inmensa maioría ao medio ben ao aire en formas reducidas volátiles e ao auga e ao solo; o mercurio transfórmase por acción bacteriana en formas altamente tóxicas que se acumulan no medio, o perigo destes contaminantes vese agravado pola densidade da poboación na zona e pola existencia de bancos marisqueiros de onde se extraen moluscos para o consumo humano.

Deixa claro a solicitude que existe unha contaminación clara e contrastada nos sedimentos da Ría, tal e como se afirma na páxina 35, contaminación que de acordo co documento procedería dos vertidos realizados en "*etapas anteriores*" nas que os vertidos "*se realizaban con outras exixencias de tratamento e control, a liberación deste metal ao medio debida a diferentes actividades, ademais da de ELNOSA representaba un aporte de maior intensidade*" Dado que é ELNOSA, con moito, a principal emisora de mercurio ás augas da Ría de Pontevedra resulta evidente que este mercurio acumulado nos sedimentos

procede na súa case totalidade da factoría, e dado que o sistema de depuración que posúe e o mesmo que funcionaba en *"etapas anteriores"*

Tal e como fixo constar a APDR na fase de tramitación da licenza de vertido e se confirma agora ao ver a lista de materias primas utilizadas pola empresa, o mercurio non é unha delas e, xa que logo, non figura na relación das mesmas realizada por ELNOSA. Este feito recoñecido pola propia empresa é por outra parte o lóxico xa que de acordo coa definición utilizada a nivel industrial de materia prima estas son *"as que se transforman e produtos acabados listos para ser entregados ao consumidor"* (que ben pode ser outra industria), o mercurio, neste caso entraría dentro do que na industria se denominan *"materias consumibles"*, e dicir aquelas *"utilizadas pola empresa, pero que non se atopan nos produtos acabados"*. A lei de calidade da auga das rías de Galicia é ben clara neste sentido indicando textualmente *"En calquera caso estas concentracións só se admitirán nos vertidos que se produzan como consecuencia do arrastre inevitable destes metais contidos nas materias primas usadas. O titular do vertido deberá demostrar que non é posible por medios técnicos dispoñibles e economicamente viables reducir estes arrastres"*, e dicir prohíbe a instalación e, despois do período transitorio a permanencia, de calquera industria que na súa actividade utilice mercurio sen ser como materia prima; este é o caso de ELNOSA que queda así fora da lei.

Na solicitude presentada por ELNOSA, non se relaciona a cantidade de sustancias perigosas que se acumulan. Resulta evidente que un dos principais elementos que converte á empresa, instalada nun entorno urbano no que viven máis de 100.000 persoas, en altamente perigosa e o de fabricar e acumular nas súas instalacións grandes cantidades de cloro, 22.000-23.000 Toneladas anuais nos últimos anos, o que, dada a alta toxicidade deste gas, o estado no que se atopan as instalacións e a alta densidade de poboación, crea un elevado risco de accidente no que se vería afectado un elevado número de individuos. Sen embargo, a pesar da alta perigosidade da industria, en ningún momento se explica na solicitude nin que cantidades nin en que condicións se acumula o cloro nin outras sustancias perigosas.

As consecuencias das emisións contaminantes de Mercurio persisten na actualidade en diversas zonas do complexo industrial, nomeadamente no canal perimetral e nas balsas de decantación onde supoñen un elevado risco para o medio ambiente e para a saúde das persoas. Resultando evidente que a responsabilidade destes elevados niveis de mercurio pertence a ELNOSA e a ENCE en relación ao período en que formaban unha única empresa, debe ser responsabilidade do produtor destes contaminantes o seu axeitado tratamento, tratamento do que a empresa quere evadirse, mentres se manteñen estas zonas cun elevado potencial de perigo pola súa elevadísima carga contaminante.

REQUISITOS DE AUTORIZACIÓN

O artigo 12 da LEY 16/2002, de 1 de xullo, de prevención y control integrados de la contaminación, indica expresamente que a solicitude debe incluír a documentación requirida para a obtención da correspondente licenza municipal de actividades clasificadas reguladas no Decreto 2414/1961, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas. Na solicitude se oculta que as instalacións de ELNOSA incumpren expresamente o RAMINP que esixe que unha industria desta natureza non pode estar instalada a menos de 2000 metros de núcleo habitado, atopándose as súas instalacións no interior dunha zona urbana poboada por máis de 100.000 persoas.

En termos xerais a documentación é extremadamente deficiente e non satisfai os requisitos establecidos pola lei no seu artigo 12 e dende logo non contén ningún plan de actuación concretado destinado a melloras de eficiencia á hora de reducir impactos ambientais.

MELLORES TÉCNICAS DISPOÑIBLES

No relativo a utilización das mellores técnicas dispoñibles, ELNOSA, tal e como admite na súa solicitude, utiliza a peor, a máis obsoleta e a máis contaminante das tecnoloxías dispoñibles e economicamente viables para a fabricación de Cloro, Ácido clorhídrico e hipoclorito sódico que é a denominada cloro-álcali, tal e como indica na súa solicitude e como establece o documento de referencia relativo ás mellores técnicas dispoñibles *"Integrated Pollution Prevention and Control (IPPC), Reference Document on Best Available Techniques in the Chlor-Alkali Manufacturing industry (Dec. 2001)"* que especificamente afirma que a mellor opción para as plantas de cloro-álcali con tecnoloxía de celdas de mercurio (a peor opción posible) e a substitución pola denominada de células de membrana, que non utiliza nin produce contaminantes tóxicos no proceso de separación dos produtos electrolíticos. Pero aínda utilizando a peor tecnoloxía, a máis contaminante, a fábrica de ELNOSA de Lourizán orixina emisións atmosféricas moi por riba dos promedios para este tipo de plantas que establecen as mellores técnicas dispoñibles dentro da sala de celdas; concretamente mentres a media anual que establece BREF é de 0,2-0,3 gHg/t de Cl, a media anual en ELNOSA é de 0,664 gHg/t de Cl, é dicir, o transvase de mercurio a atmosfera na sala de celdas é moito máis elevado do que recomenda a propia industria de fabricación de Cloro agrupada entorno a EUROCHLOR. Sorprendentemente a solicitude apunta que a empresa ten a intención de realizar esta substitución de tecnoloxía no ano 2020, feito este absurdo tendo en conta que a concesión de dominio público marítimo terrestre do terreo sobre o que se asenta a fábrica expira, no caso de que se continuase autorizando a súa actividade en xullo de 2018.

EMISIÓNS ATMOSFÉRICAS

Son sen dúbida as emisións de mercurio, pola súa elevada toxicidade e polo seu efecto acumulativo, un dos problemas ambientais máis graves que provoca a factoría de ELNOSA. Á hora de analizar este aspecto na súa Solicitud e Autorización Ambiental Integrada, aparecen exclusivamente afirmacións gratuítas non contrastadas e disparidades evidentes, neste sentido a empresa proporciona datos contraditorios, así as emisións atmosféricas suman, para o ano 2003, 0,69 gHg/t de Cloro según a táboa da páxina 85, mentres que facendo un cálculo a partir dos datos para o mesmo ano da páxina 91 se liberan ao medio 1,4 gHg/t de Cloro; estas contradicións revelan que a empresa, ou non controla as emisións que en realidade se están a producir ou, máis ben, tenta de ocultar cales son en realidade as emisións ao aire de mercurio, feito este que non resultaría estraño dada a longa traxectoria delitiva da empresa que foi condenada por delito ecolóxico continuado e outros de danos ás persoas en sentenza da Audiencia Provincial de Pontevedra de 5 de novembro de 2003. Un feito que abonda neste sentido é o de que ELNOSA oculte a cantidade de mercurio que consume anualmente na súa fábrica xa que evidentemente, o coñecemento desta cantidade poría en evidencia a falsidade dos datos que sobre emisións proporciona a empresa xa que a suma das cantidades emitidas á atmosfera, as incorporadas aos vertidos e as que contaminan os produtos elaborados ten que sumar o total do consumido na fábrica. Con respecto a este tipo de contaminación, a afirmación de que o mercurio se difunde na atmosfera a grandes distancias resulta evidentemente gratuíta, aínda a pesar da alta volatilidade da forma reducida de mercurio e precisamente por ela, se pode deducir que, dado o carácter persistente da circulación de masas de aire condicionada polo relevo da Ría de Pontevedra e do Río Lérez, se producirá unha zona de afectación concordante coa circulación preferente onde, de forma permanente, circula mercurio volatizado en concentracións descoñecidas pero que, dada a elevada toxicidade deste metal pesado, é máis que probable que estean a afectar ás persoas e aos ecosistemas dentro desta zona de influencia. As evidencias de danos consecuentes ás emisións de mercurio pódense contrastar nas dilixencias previas do sumario 815/90 onde figuran informes do servizo de medicina laboral da Xunta de Galicia, así nos folios 4682 e ss. *"consta Análises de mercurio en ouriños dos traballadores da empresa ELNOSA (marzo de 1990 a novembro de 1996), e tendo en conta que non convén sobrepasar 35 microgramos Hg/g. creatinina, a maioría dos traballadores a sobrepasan, chegando nalgún caso a cantidades altas como 279 microgramos Hg/g. creatinina"* Cabe, xa que logo agardar a presenza do mercurio en solos, seres vivos e humanos de acordo cun patrón de distribución con centro na factoría pero con dispersión por un área determinada pola cantidade emitida, a velocidade de precipitación e os factores de control da circulación atmosférica.

Tamén a empresa realiza afirmacións gratuítas y no contrastadas en absoluto, reincidindo na afirmación, probablemente falsa, de que as emisións atmosféricas de mercurio supoñen uns 31,7kg. e que, xa que logo agárdase que a súa concentración nos solos non sexa significativa. Aparte de que a cantidade de mercurio que en realidade se emite por vía atmosférica é, seguramente, moito máis elevada, non se teñen realizado estudos que

demostren que a precipitación deste mercurio que se incorporará aos solos onde se producirá un proceso de acumulación chegando a acadar niveis elevados nas zonas onde esta precipitación é máis intensa ou frecuente.

Con respecto ás emisións de ácido clorhídrico á atmosfera se pode asegurar que o impacto de estas emisións é severo e permanente, vense comprobando dende fai anos e existen episodios de contaminación severa nos que probablemente o ácido clorhídrico xoga un papel importante. Neste sentido nas dilixencias previas do sumario 380/90 contra ENCE e ELNOSA, consta no folio 21 un informe da Policía Nacional que constata os malos cheiros o día 16 de maio de 1990 na zona de Praceres, *“que afectaba ás persoas que sentían fortes picores oculares, máis intensos dos que habitualmente e case a diario, aféctanlles aos poboadores das inmediacións”* o informe constata tamén a *“existencia de danos nas colleitas que nunca alcanzaban o ciclo completo de desenvolvemento dende a instalación do complexo industrial, tendo sido indemnizados danos nas vivendas (portas e ventás afectadas pola polución), nos coches...”* Probablemente tamén a fábrica de pasta de papel interviría nesta contaminación atmosférica habitual pero, tal e como se describe no informe policial, se esta a falar das consecuencias da emisión directa dun ácido forte como o ácido clorhídrico. Resulta manifestamente falsa a afirmación que se fai na páxina 92 da solicitude de ELNOSA de que *“en función dos resultados observados tras 36 anos de actividade, este impacto (o ocasionado polas emisións atmosféricas de ácido clorhídrico) é mínimo.*

CONSECUENCIAS DE ACCIDENTE

Unha faceta especialmente perigosa da presenza de ELNOSA na súa actual ubicación urbana en claro incumprimento do RAMINP, a constitúe o risco de accidente grave por liberación masiva dun dos produtos que se manipulan na instalación industrial, especialmente o Cloro pola súa toxicidade. Neste sentido, a empresa, en referencia a un período de dous anos indica que solo se teñen producido *“varios incidentes”* sen que ningún deles chegase a ser grave. Esta afirmación non resulta en absoluto tranquilizadora, xa que detrás de cada incidente existe risco de evolución a accidente de graves consecuencias. Si ben é normal que nun período de dous anos non se produza ningún accidente grave iso non quere dicir que este non se poda producir nin que non se teñan xa producido eventos relacionados con emisións accidentais de como o que se referencia no sumario 380/90 (folios 3877 e ss. e 5838) e que tivo lugar os días 31 de decembro de 1995 e 1 e 5 de xaneiro de 1996 datas nas que se produciron *“fugas de gases tóxicos de efectos irritativos , que afectaron a cinco persoas que precisaron asistencia hospitalaria na Residencia de Montecelo, durante os días 4 a 6 de xaneiro, ambos inclusive, constando o parte e diagnóstico correspondente a dous deles, con sintomatoloxía similar: erupcións na cara, estendidas ao tronco e as extremidades, enroxecemento con conxuntivite e picazón, farinxe enroxecida, pasando a control do médico de cabeceira”* , sintomatoloxía a descrita característica das lesións provocadas polo contacto con cloro; cabe preguntarse que si un incidente sen importancia

provoca este tipo de danos polos que provocaría unha verdadeira fuga dunha cantidade importante de cloro. As dimensións do perigo real dun accidente se deduce do apartado dedicado ao impacto dun accidente con fuga de cloro da solicitude (páxina 95) onde afirma que *“se prevé que non exista impacto sobre la integridade de la pedra de elementos arquitectónicos situados a una distancia superior a los 2500m. Non obstante, sobre aqueles que se atopan a unha distancia menor puidera producirse unha deposición de cloro ión, que debido á proximidade do mar, podería volver a reaccionar con catións como o sodio ou potasio formando cristaliños de sal...”* cabe supoñer os efectos que terá o cloro ión, altamente tóxico e corrosivo, sobre a pel e as mucosas dos humanos nun radio de 2500 metros onde viven un grande número de persoas e o elevado número de vítimas que produciría.

ELNOSA asegura no documento da solicitude ter presentado un Plan de Emerxencia Exterior onde tamén se fala dunha suposta actuación eficaz en caso de accidente pero no documento non existe ningún argumento que permita pensar que realmente se está a cumprir cun plan de emerxencia exterior e que este sexa realmente eficiente e, o que é máis grave ELNOSA oculta as cantidades de cloro que almacena nos seus depósitos, que porcentaxe do volume total dos mesmos que se chega a almacenar como máximo, as condicións de almacenamento, nin como se controlan estas cantidades do perigoso gas nas instalacións da empresa. Si se pode asegurar que aínda que as cantidades almacenadas sexan pequenas o risco potencial é moi elevado, pero os feitos fan pensar que si a empresa oculta a cantidade de gas cloro almacenada esta ten que ser elevada.

DESMANTELAMENTO DAS INSTALACIÓNS

A análise que ELNOSA realiza ao respecto dos efectos sobre o medio provocados pola contaminación chegada o momento do desmantelamento das instalacións (tres liñas de texto) resulta grotesco e fai referencia exclusivamente á xeneración de *“polvillo”* que podería levar partículas contaminantes. Resulta sorprendente que dado que moi probablemente, e a empresa é consciente de elo, se teña que desmantelar a factoría que posúe en Lourizán, que en calquera caso debe estalo antes de 2018, resolva a planificación da deconstrución da mesma cunha simple referencia ao denominado *“polvillo”*. É evidente que o proceso de desmantelamento e recuperación dos terreos ocupados á súa situación orixinal así como a restauración dos danos producidos no medio ambiente que a empresa recoñece na súa solicitude, van precisar dunha planificación precisa que evite a liberación e dispersión de contaminantes ao medio e que sen dúbida vai a necesitar dun longo período de execución ata conseguir acadar a situación previa á ocupación; neste sentido debería requirir especial atención a zona denominada *“canal perimetral”*, na que se teñen atopado elevadísimas concentracións de mercurio. Dado o tipo de actividade industrial que se realiza nas súas instalacións, con utilización e produción de grandes cantidades de substancias altamente tóxicas, solo un desmantelamento coidadosamente planificado e executado garante seguridade de cara a evitar

episodios de contaminación que poderían revestir unha gran gravidade tal e como se pode deducir dos comentarios que na solicitude se realizan no apartado de residuos (páxina 108) onde se afirma que *“dada a complexidade de elementos e equipamentos, e a potencial contaminación por mercurio dunha parte dos mesmos, esta tarefa vólvese especialmente complexa e delicada”* ; queda claro logo que a solicitude carece de ningún tipo de previsión neste sentido. Isto podería revelar a intención oculta da empresa de abandonar subitamente as instalacións evadándose de asumir a súa obrigaición de restaurar os terreos que ocupa en réxime de concesión á situación anterior á instalación da industria e os danos ambientais provocados na Ría de Pontevedra; intención que non resultaría estraña despois dun análise pormenorizado da solicitude e tendo en conta o pasado delitivo de ELNOSA.

No apartado de vixilancia ambiental se apuntan unhas supostas medidas de control ambiental en caso de desmantelamento que non pasan de ser enunciados sen concreción que non aportan nin medidas concretas de vixilancia nin contribúen sequera a esbozar como se pensan realizar os traballos de desmantelamento da planta.

RESIDUOS

Aínda que a lei 16/2002 de prevención e control integrado da contaminación establece a necesidade de que a autorización ambiental integrada adopte medidas axeitadas para que, no funcionamento das instalacións, se evite a produción de residuos ou si isto non fose posible se xestionen mediante procesos de valorización, e esixe que a solicitude de autorización ambiental integrada conteña medidas relativas á prevención, redución e xestión dos residuos xerados, ELNOSA non realiza ningunha aportación neste sentido. A solicitude se limita a incluír unha longa lista de residuos que son enviados a xestores autorizados e facer referencia a un suposto “Plan de Minimización de Residuos Perigosos” que non se aporta na documentación e do que polo tanto non se coñece ningún aspecto e do que ben puidera poñerse en dúbida a súa existencia ou polo menos a súa eficiencia ou a súa aplicación. Ao referirse aos efectos sobre o medio ambiente dos residuos en caso de accidente grave a empresa volve a facer a afirmacións non demostradas, ni apoiadas por ningún plan de actuación en caso de accidente para cada residuo o que leva a pensar que non existe, dunha suposta mínima afectación dunha liberación de residuos en caso de accidente grave.

VERTIDOS

A análise contida no estudo de efectos significativos sobre o medio ambiente dos seus vertidos resulta pouco menos que delirante cando asegura que un vertido contendo mercurio é compatible co medio natural e social na súa ubicación urbana. De modo sintético, é necesario destacar algúns aspectos negativos graves relativos ao vertido.

A planta desmercurizadora que supostamente minimizaría a concentración de mercurio, un sistema columnas de resina intercambiadoras de ións, e a mesma que funciona na fábrica dende 1984, ano este e seguintes nos que os estudos realizados durante a fase de Dilixencias Previas atoparon frecuentes eventos de contaminación grave por mercurio o que constituíu un dos argumentos chave á hora de condenar á empresa por delito ecolóxico continuado. Sen entrar en detalle nos múltiples episodios de grave contaminación dende a posta en marcha da planta desmercurizadora, simplemente aportar dúas das conclusións do informe que, para o sumario elaborou en 1999 o Instituto Nacional de Toxicoloxía *"f. O vertido, máis cun risco, o que ten producido é un dano, en diminución de especies, desaparición dalgunha, con elevados contidos de mercurio en peixes e bivalvos"* *"g. A presenza de mercurio, nas magnitudes que constan nos informes, constitúe sempre un risco, un perigo en si, para a saúde das persoas, aínda que dificilmente poda cuantificarse cunha dieta predominante en produtos mariños"* . En definitiva, a eficiencia da planta desmercurizadora é moito máis que dubidosa. Non existen xa que logo as novas tecnoloxías ás que se refire ELNOSA.

Tal e como afirma a autorización a removilización do mercurio procedente do vertido e retido nos sedimentos é unha das causas de liberación do mercurio ao medio. Sendo a zona onde se atopan as maiores concentracións deste metal pesado una zona onde se realizan os traballos culturais necesarios para o cultivo de moluscos está claro que cada vez que se mobilizan os sedimentos por mor destes traballos ou como consecuencia das propias tarefas extractivas se produce a liberación de cantidades "extra" de mercurio.

Dentro das esixencias no que se refire ás especificacións do efluente final das augas residuais; para dúas delas (DQO e SS) se rebasan amplamente os máximos legais.

En calquera caso de acordo coa lei de calidade das augas das rías de Galicia, o vertido é claramente ilegal

De ningún modo se pode considerar como compatible o impacto producido polo vertido de grandes cantidades de mercurio nun medio densamente poboado e onde se realiza a extracción de moluscos para o consumo humano.

Non existen previsións realistas de mellora futura nos seus vertidos xa que non está prevista ningunha modificación nin no sistema de fabricación nin no de depuración polo que se pode asegurar que se seguirán a verter augas contaminadas con mercurio aproximadamente na mesma cantidade en que o ven facendo dende 1984. As modificacións referidas a 2020 non

resultan cribles dado que a concesión onde está instalada a planta termina en 2018.

SITUACIÓN ACTUAL E FUTURA

A comparación da situación actual coa futura permite asegurar que ELNOSA ten a clara intención de seguir contaminando coa mesma intensidade coa que o ven facendo dende 1984, e dicir coa mesma intensidade coa que o facía mentres cometía delito ecolóxico continuado e o segue a facer na actualidade. Neste apartado, a empresa incorre nunha seria falsidade ao afirmar que utiliza as mellores técnica dispoñibles xa que dos sistemas de produción de cloro economicamente rendibles que se están a utilizar en Europa utiliza o máis perigoso e contaminante; co agravamento de estar instalada nunha zona densamente poboada e verter os seus efluentes a unha zona de produción de moluscos para o consumo humano.

Non se propón por outra parte ningunha alternativa real de mellora xa que a substitución de tecnoloxía a sitúa a empresa en 2020, sorprendentemente 2 anos despois de que a empresa, finalizado o período de concesión do dominio público marítimo terrestre onde se sitúan as súas instalacións, teña finalizado a súa actividade.

VIXILANCIA AMBIENTAL

Neste capítulo a solicitude non concreta medidas de vixilancia ambiental que vaian máis alá do que Augas de Galicia lle impuxo a ELNOSA na autorización de vertido que lle concedeu en outubro de 2001 e que se restrinxen aos vertidos líquidos; no que se refire á contaminación atmosférica provocada polas distintas substancias emitidas, aos vertidos accidentais e á posibilidade de accidente grave por liberación de cloro, a solicitude se queda en afirmacións vagas e non concretadas de supostas vixilancias. Deste modo non existe un verdadeiro plan de vixilancia ambiental concretado en medidas de control que permitan avaliar a verdadeira evolución da contaminación, os cambios na produción de residuos e no seu grado de valorización ou reciclado, a evolución do consumo e do grado de depuración no vertido de auga, as melloras na eficiencia na utilización de electricidade e outros recursos, as medidas aplicadas na prevención de accidentes graves e na minimización das súas consecuencias, as medidas que permitan evitar calquera risco de contaminación cando cese a explotación das instalacións e as medidas de control do proceso de descontaminación da Ría de Pontevedra e en zonas afectadas polos vertidos da empresa como o canal perimetral da factoría.

SÍNTESE

Da análise da documentación presentada por ELNOSA para solicitar a autorización ambiental integrada se extraen as seguintes conclusións:

ELNOSA utiliza a peor e máis contaminante das técnicas dispoñibles e economicamente viables e aínda así emite cantidades de mercurio superiores ás que recomenda como máximas a industria do cloro.

ELNOSA oculta a cantidade de mercurio que entra na factoría e que (salvo a que se incorpora aos produtos manufacturados ou aos residuos) pasa ao medio orixinando unha grave e perigosa contaminación que afecta aos sistemas naturais, aos recursos e á saúde das persoas.

Existe un risco evidente de accidente grave que dada a elevada concentración de poboación no entorno da fábrica provocaría un grande número de vítimas. Este risco crece a medida que as instalacións, co paso do tempo, van envellecendo e quedando obsoletas. ELNOSA oculta a cantidade de Cloro que chega a almacenar nos seus depósitos e as condicións de almacenamento, moi probablemente para ocultar un incumprimento das normas de seguridade.

A empresa trata de enganar á administración ao afirmar que ten a intención de actualizar a súa tecnoloxía, reducir os vertidos e residuos e rebaixar o consumo de enerxía en 2020, xa que a concesión de dominio público marítimo terrestre termina en xuño de 2018, ano no que ELNOSA está obrigada a desmantelar as súas instalacións e recuperar o dano provocado na Ría de Pontevedra.

A empresa carece dun plan de desmantelamento e recuperación dos terreos que ocupa en réxime de concesión e de restauración dos danos que a súa contaminación ten provocado.

ELNOSA sigue utilizando na actualidade o procedemento de desmercurización que funciona dende 1984, nese ano e en seguintes os vertidos superaron en varias ocasións os máximos permitidos polo seu contido en mercurio, sendo este un dos feitos polos que foi condenada por delito ecolóxico continuado o 5 de novembro de 2003.

Sexan cales sexan os datos que ofrezca a empresa, resulta evidente que unha parte importante do mercurio que se perde no proceso de fabricación de cloro pasa, a través do vertido, ao medio onde por acción bacteriana se transforma en formas tóxicas, bioacumulables, perigosas para a saúde e para os organismos; sobre todo nunha zona de cultivo de moluscos para consumo humano. Aínda que ELNOSA oculta a cantidade de mercurio que anualmente entra na súa planta e se "perde" pode servir de referencia o dato de que cada celda contén 2500 Kg.

A presenza de ELNOSA en Lourizán é incompatible coa lei de prevención e control integrado da contaminación co RAMINP, coa lei de calidade das

augas das rías galegas e co Real Decreto sobre medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan sustancias perigosas, entre outros preceptos legais.

Xa que logo, a Asociación pola defensa da Ría, solicita,

Que se de por presentado o presente escrito de alegacións e sexa tido en conta a efectos no disposto na lexislación aplicable no proceso de tramitación do expediente, que se informe á APDR de calquera paso que afecte á tramitación do expediente.

Que se denegue a ELNOSA calquera autorización que permita realizar vertidos contaminantes á zona sensible da Ría de Pontevedra e que se proceda á retirada, en condicións de seguridade, dos gases e líquidos tóxicos acumulados e que supoñen un grave perigo para a poboación.

Que, á maior brevidade, de acordo co disposto no artigo 162 do Regulamento xeral para o desenvolvemento e execución da Lei de Costas, se incoe un expediente de caducidade que determine a suspensión de uso e explotación das instalacións e controle o desmantelamento e recuperación dos terreos obxecto de concesión e a restauración dos danos ambientais provocados pola actividade da empresa.

Que se imponha a ELNOSA unha fianza consistente na cantidade suficiente para a realización dos traballos de desmantelamento e recuperación dos terreos obxecto de concesión e os danos ambientais provocados pola actividade da empresa, para cubrir os gastos orixinados, no caso de que a empresa decidira evadirse das responsabilidades que, por lei, lle veñen impostas.

Pontevedra, 1 de xuño de 2006

Asdo.: Benito Andrade